



Martes 14 de abril de 2020 Mirón

- O pasado 21 de marzo foi o **Día da poesía** e sabedes por que é importante? Porque axúdanos a expresar os nosos sentimentos e, así, sentirnos mellor.
- Polo tanto, a misión de hoxe consiste en intentar **crear un poema**. Primeiro, tes que pensar unha lista de **palabras bonitas** (que che guste como soan). Por exemplo, a min gústanme palabras como bolboreta, agarimo, margarida.. E a ti??
- Agora tes que **rematar estas frases** elixindo algunha palabra da túa lista:
 - A miña familia é como...
 - O cole recórdame...
 - Os meus amigos semellan...
 - A miña casa é como...
 - Os meus xoguetes recórdanme...
- Despois, **ensíname o teu poema** e eu **ensinareiche o meu!**
- **A que che sabe a poesía?** A min sábeme a chocolate... E a ti? **Escribeo/debúxao** e sorpréndeme.
- Grazas, forza e ánimo.